

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 19 DE XANEIRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se regulan os procedementos de creación, modificación e disolución de museos e outros centros museísticos de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se toma razón do acordo entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Consellería de Sanidade e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do grao en Medicina, así como da constitución da Comisión de Seguimento que velará polo cumprimento do acordo e a avaliación do grao de desenvolvemento da descentralización.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual e a exención das garantías ao abeiro da normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, nos supostos de xestación, nacemento, adopción, garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente no ano 2026 e se procede á súa convocatoria. Importe total: trinta e un millóns novecentos noventa e tres mil cincocentos doce euros (31.993.512,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer unha porcentaxe superior nos pagamentos anticipados ao recollido na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Plan Corresponsables en Galicia, dirixido a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Importe total: sete millóns catrocentos mil euros (7.400.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Pais e Nais de Persoas con Autismo de Galicia, para o equipamento do Centro de atención residencial con atención diúrna para persoas con autismo, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, no exercicio 2026. Importe total: seiscentos mil euros (600.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros para a construción dunha residencia para persoas con discapacidade, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, no exercicio 2026. Importe total: dous millóns trescentos cincuenta e catro mil novecentos corenta e sete euros con setenta céntimos (2.354.947,70€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón do estado da tramitación do anteproxecto do Plan director do sector forestal madeira, e da petición de informe ao Consello Económico e Social.
- Acordo polo que se toma razón das convocatorias de axudas do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para o exercicio 2026, no ámbito da eficiencia enerxética e das enerxías renovables, con financiamento Feder e Feader.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURA

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado de alargamento e mellora da PO-230, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de catro millóns douscentos corenta e tres mil cincocentos corenta e un euros con sesenta e sete céntimos (4.243.541,67€).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A. (Vipugal), do contrato do servizo de redacción de proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 12 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela J do polígono UE núm. 3 do PERI 3 de Baiona (Pontevedra). Expte. VPG-2025-0033, por un importe de licitación de cento vinte mil catrocentos corenta e sete euros con catro céntimos (120.447,04 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto, que ten por obxecto a contratación por lotes de traballos de xestión de biomasa en faixas secundarias na Comunidade Autónoma de Galicia, polo procedemento aberto, durante o ano 2026, polo importe de licitación, incluído o IVE, de cinco millóns novecientos oitenta e nove mil setecentos trece euros con vinte céntimos (5.989.713,20 €) e cun valor estimado de catro millóns novecientos cincuenta mil cento setenta e seis euros con vinte céntimos (4.950.176,20 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a situación das repotenciacións de parques eólicos en Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Informe sobre o Mapa de apoios da Xunta de Galicia á I+G+i 2026.
- Informe sobre a elaboración da nova estratexia de excelencia da biotecnoloxía en Galicia 2026-2030.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre sobre o Balance 2025 do Plan de Axilización e Simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o Plan de formación continua da Escola Galega de Administración pública para o ano 2026.
- Informe sobre a Plataforma dixital urbanística.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria das axudas para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a zona de concentración parcelaria de Val de Camba (Rodeiro).
- Informe sobre a Resolución pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de investimento en actividades empresariais para a diversificación agraria, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2026, mediante tramitación anticipada de gasto.
- Informe sobre a convocatoria das axudas para investimentos en reforestación con especies de frondosas e/ou coníferas, cofinanciadas polo Feader, para o ano 2026.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a execución do programa do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) para Galicia no período 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A CREACIÓN, MODIFICACIÓN E DISOLUCIÓN DOS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA

- O Consello deu o visto e praxe á norma que desenvolve a Lei de museos aprobada en 2021 e que dotou o sector dun marco xurídico e dunha identidade propia
- O texto inclúe a creación dun distintivo de identificación para unificar a imaxe do Sistema galego de museos e un rexistro
- Distingue dous modelos diferentes de Plan museolóxico segundo o carácter da institución e tendo en conta as súas áreas funcionais

A Xunta de Galicia acaba de aprobar o decreto que regula a creación, modificación e disolución dos centros museísticos de Galicia. Así se acordou hoxe no Consello, onde se lle deu o visto e praxe á norma, que desenvolve a Lei de museos aprobada en 2021 e que dotou o sector dun marco xurídico propio que non existía con anterioridade.

Así, a entrada en vigor deste texto permitirá levar a cabo unha serie de accións dirixidas a mellorar a organización dos museos. É o caso da creación dun distintivo identificativo. Trátase dun recurso moi demandado polo sector, que permitirá unificar a imaxe das entidades do Sistema galego de centros museísticos, impulsando así a súa proxección social. Ademais, crease o Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia, un instrumento adscrito á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a que se incorporarán as entidades creadas no marco da lei.

Outra das novidades é que, ao abeiro deste texto, se regularán dous modelos de plan museolóxico segundo o carácter da institución e as áreas funcionais. Trátase dun instrumento técnico que permite centrar a natureza, liñas programáticas, obxectivos ou medios de calquera centro, así como a información relativa aos seus programas e áreas de actividade. Deste xeito, haberá un para os museos, diferenciados pola súa área de documentación, conservación e investigación, e outro para coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural, que contarán cos contidos axeitados ás súas categorías.

O Plan incorporará tamén un programa de inclusión cultural, que inclúe as medidas previstas para o acceso universal aos bens culturais e aos coñecementos asociados a eles, como o grao de accesibilidade física, comunicativa, o aparcadoiro ou as iniciativas e actividades que fomenten a participación de colectivos en risco de exclusión cultural. Trátase dunha medida na liña da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, unha normativa pioneira en Europa que afonda na eliminación de barreiras físicas, cognitivas, comunicativas, sociais e territoriais.

Por outra banda, a posta en marcha desta norma supón tamén unha maior seguridade xurídica para o sector e a axilización no proceso de cualificación dos centros, que se normalizará a través da tramitación electrónica. Facilitase así a incorporación ao sistema de entidades que dispoñen do potencial necesario para seren integradas nel.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste escenario, preténdese mellorar a visibilización e o control sobre o patrimonio cultural custodiado nas distintas institucións, o que repercutirá nunha maior difusión e no incremento de oportunidades para acceder ao coñecemento por parte da poboación.

A nova regulación tamén terá un impacto directo no nivel social xa que, ademais de fomentar a universalización do acceso á cultura, será unha ferramenta de dinamización e cohesión e incidirá en aspectos como a xeración de emprego ou a potenciación do turismo.

Cómpre destacar que o Sistema galego de centros museísticos, en que se inclúen os de titularidade da Xunta rexidos por un decreto propio, conta na actualidade con 70 museos, aos que hai que sumar 23 coleccións museográficas e 4 centros de interpretación do patrimonio cultural, o que conforma un total de 97 centros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO ACORDO PARA A DESCENTRALIZACIÓN DO GRAO EN MEDICINA

- A reunión semanal do Goberno galego aborda o convenio entre as consellerías de Educación e Sanidade e a USC, UVigo e UDC para avanzar neste obxectivo
- Mañá constituirase a comisión de seguimento que desenvolverá o acordo
- O obxectivo é poñer ao servizo da formación dos futuros médicos e da investigación os recursos dos sistemas educativo e sanitario públicos e o talento do seu persoal

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao acordo entre as consellerías de Educación, Ciencia, Universidades e FP e Sanidade e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo para a descentralización do grao en Medicina. O convenio fora xa aprobado polos consellos de goberno das tres institucións académicas e terá vixencia ata agosto de 2029.

Mañá martes constituirase, ademais, a comisión de seguimento encargada do desenvolvemento do acordo, que estará conformada polos conselleiros de Sanidade e Educación, os tres reitores, así como representantes de cada un dos hospitais universitarios –Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela– entre outros axentes implicados.

A folla de ruta consensuada establece a descentralización progresiva de toda a docencia de Medicina nos tres últimos cursos nas tres universidades públicas galegas, cun cronograma de catro anos académicos. Deste xeito, por primeira vez poderá estudarse nas tres cidades todo o segundo ciclo da titulación, tanto a teoría como a práctica.

O obxectivo é poñer ao servizo da formación dos futuros médicos e da investigación todos os recursos dos sistemas educativo e sanitario públicos cunha actuación coordinada e á vez respectuosa coa autonomía universitaria. Non en balde, co establecido no acordo favorécese a participación na docencia desta titulación do profesorado das universidades da Coruña e Vigo relacionado coas áreas de coñecemento propias do grao en Medicina.

Ademais, ábrese a posibilidade para que calquera dos profesionais dos hospitais galegos, particularmente os que contén coa acreditación preceptiva para ocuparen prazas de profesorado universitario, poida acceder a prazas vinculadas das universidades galegas e así contribuír decisivamente á formación dos futuros profesionais da Medicina.

Novas unidades docentes

Ao final do calendario de implantación do acordo, no ano académico 2028/29, os cursos 4º, 5º e 6º do grao en Medicina impartiranse totalmente descentralizados nos hospitais universitarios vinculados a cada universidade, manténdose a participación no rotatorio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do resto dos hospitais públicos galegos e outros centros das respectivas áreas sanitarias.

Para iso crearase unha unidade docente nos complexos hospitalarios universitarios da Coruña e de Vigo que acollerán, cada unha delas, o 25% do estudiantado matriculado no grao de Medicina no curso descentralizado que corresponda, así como o profesorado que imparta a docencia. Ademais, o 50% das novas contratacións de profesores adscribirase ás universidades da Coruña e Vigo.

As universidades da Coruña e Vigo comprométense a non presentar solicitudes de implantación de novos títulos de grao en Medicina durante a vixencia deste acordo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA O APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS CUNHA NOVA CONVOCATORIA DA TARXETA BENVIDA, DA QUE XA SE BENEFICIARON PRETO DE 120.000 FOGARES

- Destínanse 31,9 M€ para axudar ás familias en que se produza un nacemento, adopción ou acollemento permanente
- Mantense a posibilidade de conceder esta tarxeta a mulleres embarazadas a partir da semana 21 de xestación

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria da Tarxeta Benvida para este ano 2026, á que destina un total de 31,9 millóns de euros. Deste xeito, o Goberno galego consolida o apoio económico aos fogares en que se producise ou se fose producir un nacemento, adopción ou acollemento permanente. Desde o inicio deste programa no ano 2016 ata a actualidade, xa resultaron beneficiadas case 120.000 familias.

Na orde de axudas de 2026 consolídanse as melloras realizadas nas últimas convocatorias e especialmente na do ano 2024, na que se introduciu a posibilidade de conceder a Tarxeta Benvida a mulleres embarazadas a partir da semana 21 da xestación, Na convocatoria do exercicio pasado, as solicitudes por esta modalidade superaron o 65% do total, o que demostra a boa acollida desta medida.

Tamén se mantén nesta nova orde a opción de outorgar esta tarxeta ás familias que acollan de xeito permanente un ou máis menores de ata tres anos de idade. O obxectivo desta medida é fomentar o acollemento familiar.

Ademais destas melloras que se consolidan, en 2026 simplifícanse aínda máis os trámites ao eliminar o anexo de solicitude de extensión da tarxeta e facer a dita revisión totalmente de oficio.

Contías

Con carácter xeral, a contía total da axuda que reciben as familias a través desta tarxeta moedeiro é de 1.200 euros durante o primeiro ano de vida da crianza. Esta cantidade duplícase o primeiro ano para o terceiro fillo ou filla e sucesivos, e increméntase un 25% para as familias que viven en concellos de menos de 5.000 habitantes. Así mesmo, a vixencia da tarxeta pódese estender ata os catro anos de vida da crianza para aquelas familias en situación de especial vulnerabilidade.

A Tarxeta Benvida está destinada a atender os gastos relacionados co nacemento, adopción ou acollemento permanente de menores de ata tres anos de idade, que estean derivados da compra de produtos para a crianza. Pode usarse en establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia, así como en farmacias, parafarmacias, ópticas, librarías, supermercados e tendas de alimentación.

Esta axuda forma parte das iniciativas que ten en marcha o Goberno galego para apoiar as familias, tales como a gratuidade das escolas infantís, as casas niño ou o Bono Concilia Familia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ CON 7,4 M€ AS ACTIVIDADES DE CONCELLOS, ENTIDADES SOCIAIS E ANPAS QUE FAVOREZAN A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE NAS FAMILIAS

- Aprobada unha nova convocatoria destas axudas, que se enmarcan no Plan Corresponsables 2026 e que teñen como obxectivo promover a conciliación e sensibilizar en materia de corresponsabilidade
- A través destes fondos, fináncianse coidados a domicilio e en dependencias públicas, servizos de madrugadores, obradoiros ou campamentos, entre outras actividades
- Desde 2025, o Plan Corresponsables conta con menos financiamento por parte do Ministerio de Igualdade, que fixo un recorte de preto de 50 M€ e que supuxo para Galicia recibir 2,3 M€ menos

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde á nova convocatoria de subvencións para que concellos, entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e asociacións de pais e nais de centros educativos (Anpas) leven a cabo ao longo deste ano 2026 actividades que favorezan a conciliación das familias con fillas e fillos de ata 16 anos e accións de sensibilización que promovan a corresponsabilidade. Esta orde de axudas ten un orzamento de 7,4 millóns de euros e enmárcase no Plan Corresponsables, financiado nun 75% con fondos finalistas do Estado.

Este crédito distribúese en tres programas: 6,5 millóns de euros para as iniciativas que desenvolvan os concellos, 600.000 euros para as que impulsen as Anpas e 300.000 euros para as que realicen as entidades sociais. As contías máximas por axuda varían en función do programa e de se a solicitude é individual ou compartida. Así, no caso dos concellos, estas poden chegar ata os 120.000 euros se son propostas compartidas por dúas ou máis entidades locais.

A través do Plan Corresponsables, a Xunta financia coidados profesionais a domicilio e en dependencias públicas, como colexios, bibliotecas ou centros socioculturais. Tamén apoia actividades de campamentos, servizos de madrugadores, obradoiros lúdicos formativos ou xornadas de carácter divulgativo e cultural, entre outras.

O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará nos vindeiros días esta convocatoria de achegas. A partir da súa publicación, os concellos, entidades sociais e Anpas contarán cun mes de prazo para solicitar as subvencións.

Recorte de fondos do Ministerio de Igualdade

Desde o exercicio pasado, o Plan Corresponsables conta con menos financiamento por parte do Ministerio de Igualdade, que fixo un recorte de preto de 50 millóns de euros, oe que supuxo para Galicia recibir 2,3 millóns de euros menos. Ademais, para paliar este recorte e a metade de ano, obrigou as comunidades autónomas a financiar con fondos propios o 25% do plan.

Galicia e as demais comunidades agardan aínda a que o Ministerio de Igualdade explique como será a repartición de fondos do Plan Corresponsables para este ano 2026, pese a que a propia ministra do ramo, Ana Redondo, se comprometera a telo pechado o pasado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mes de outubro para que os gobernos rexionais o tivesen en conta de cara aos seus orzamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIARÁ CON 600.000 € O EQUIPAMENTO PARA A POSTA EN MARCHA DO NOVO CENTRO INTEGRAL PARA PERSOAS CON AUTISMO EN FRIOL

- Este investimento súmase aos 4 M€ destinados á construción deste novo recurso de Aspanaes
- A infraestrutura abrirá as súas portas ao longo deste ano 2026, contará con 48 prazas residenciais e tamén funcionará como centro de día

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Pais e Nais de Persoas con Autismo de Galicia (Aspanaes) para financiar o equipamento do novo centro integral que esta entidade abrirá este mesmo ano no concello lucense de Friol. O Executivo autonómico destinará 600.000 euros de fondos europeos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (*NextGenerationEU*) en dotar estas instalacións dos equipamentos, do mobiliario e de todo o material necesario para a súa posta en marcha.

Este é o segundo acordo que o Goberno galego asina con Aspanaes para facer realidade este proxecto. O primeiro, que data do ano 2024, supuxo un investimento por parte da Xunta de catro millóns de euros para sufragar a construción deste novo centro, con capacidade para 48 prazas residenciais e que tamén funcionará como centro de día especializado na atención a persoas con trastorno do espectro autista. Este investimento tamén se sufragou con fondos do Mecanismo europeo de recuperación, transformación e resiliencia.

Esta nova infraestrutura, que se sitúa nunha parcela municipal cedida polo Concello na rúa do Carballal, esta chamada a converterse nun recurso pioneiro e de vangarda que situará Galicia como unha comunidade de referencia nesta materia. Terá unha superficie útil de arredor de 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. Na planta baixa situaranse, ademais do acceso principal, os talleres de intervención terapéutica e de psicomotricidade, salas de reunións e a área de administración e dirección. Nas plantas superiores irán os módulos de unidades de convivencia e na planta soto estarán os servizos xerais, como lavandaría, cociña, garaxe, vestiarios e salas de instalacións.

Este centro integral responde a unha demanda histórica das persoas usuarias de Aspanaes e das súas familias. Ademais, suporá unha importante mellora nos servizos de atención ao autismo en Galicia, xerando emprego e favorecendo o asentamento de poboación no rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 2 M€ Á NOVA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN OUTES XESTIONADA POR ADISBISMUR

O centro situarase na antiga escola do Cruceiro de Roo e terá capacidade para aloxar 24 persoas

O Goberno galego destinará dous millóns de euros a financiar a construción dunha nova residencia para persoas con discapacidade no concello de Outes (A Coruña), que xestionará a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (Adisbismur). O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a devandita entidade para levar a cabo esta actuación, sufragada con fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (*NextGenerationEU*).

Esta nova residencia situarase na antiga escola do Cruceiro de Roo, edificio cedido gratuitamente polo Concello á entidade para a súa adaptación. O servizo contará con capacidade para aloxar 24 persoas. A entidade será a encargada de elaborar o proxecto definitivo, da contratación e do seguimento das obras. O orzamento total do proxecto é de 2,3 millóns de euros.

Con este recurso, a Xunta segue apostando por crear servizos de proximidade no rural para procurar que as persoas con discapacidade que precisen deles poidan permanecer na súa contorna. Ademais, a futura residencia completará a rede de servizos de Adisbismur, da que xa forman parte un centro ocupacional, con capacidade para medio centenar de usuarios, e un centro de día que presta atención a unha vintena de persoas. Nestes centros a Xunta financia 49 prazas, ás que destina preto de 720.000 euros anuais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ULTIMA O PLAN DIRECTOR DO SECTOR FORESTAL MADEIRA PARA FORTALECER A INDUSTRIA, FIXAR POBOACIÓN E XERAR EMPREGO NUN SECTOR QUE É LÍDER A NIVEL ESTATAL

- O borrador será remitido a todos os axentes que participaron na súa elaboración para que presenten as súas achegas, e solicitarase informe ao Consello Económico e Social e ao Consello Galego de Economía e Competitividade antes da súa aprobación definitiva
- O forestal foi declarado sector estratéxico da economía galega en febreiro de 2024, representa o 5,5 % da cifra de negocio total da industria galega e conta con máis de 13.600 persoas ocupadas
- En 52 dos 313 concellos galegos, a industria de base forestal representa máis do 30 % dos establecementos, e en sete comarcas figura entre as tres primeiras actividades industriais
- O sector factura máis de 2.400 millóns de euros ao ano e representa arredor do 1,7 % do PIB galego

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o estado de tramitación do Plan director do sector forestal madeira 2026-2028, ferramenta que marcará a folia de ruta desta industria nos vindeiros anos para potencia-la, incrementar a súa competitividade e xerar emprego de calidade. A industria da madeira en Galicia representa o 5,5 % da cifra de negocio total e conta con máis de 13.600 persoas ocupadas. De feito, en 52 dos 313 concellos galegos, a industria de base forestal representa máis do 30 % dos establecementos e en sete comarcas este sector figura entre as tres primeiras actividades industriais.

A cadea monte-industria galega é líder a nivel estatal por cifra de negocios, ademais de ser clave na economía galega, cun peso relevante tanto no sector primario, en que representa o 15 % do valor agregado bruto como no sector secundario, en que ocupa a cuarta posición. A súa facturación anual supera os 2.400 millóns de euros e supón arredor do 1,7 % do produto interior bruto (PIB) de Galicia. Esta industria mantén relacións comerciais co 80 % das actividades económicas galegas e realiza compras superiores a 10 millóns de euros anuais en máis de vinte delas.

Atendendo a estes datos, o borrador do Plan director do sector forestal inclúe, entre outras accións, cinco eixos de actuación e sete ámbitos de prioridades que van desde a internacionalización, a dixitalización, a sustentabilidade ou as persoas, entre outros. Tamén prevé un seguimento das medidas que se desenvolverán, que se realizará conxuntamente co sector e permitirá a súa adaptación ou redefinición, de maneira que os axustes realizados se plasmarán nas futuras actualizacións e modificacións do dito plan que se considere necesario facer. A automatización dos procesos produtivos e o uso intelixente dos datos para mellorar a produtividade e competitividade coa finalidade de facilitar a adaptación das empresas a unha contorna industrial cada vez máis exixente son algúns dos obxectivos do Plan, que aposta pola sustentabilidade e a economía circular, entendidas non só como unha obriga ambiental, senón como unha oportunidade económica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o Plan aposta polo uso da madeira como material estratéxico na construción, pola valorización dos recursos forestais, a biomasa, a eficiencia enerxética e polo cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza.

Por outra parte, as persoas son protagonistas do Plan a través da formación, a seguridade e a saúde laboral e a atracción de talento como centro da política industrial. Facilitar o acceso ao financiamento, impulsar o desenvolvemento de solo industrial e a mellora das infraestruturas son outros dos seus puntos clave.

Tras o seu paso polo Consello desta mañá, o documento será enviado de xeito inmediato a todos os axentes que participaron na súa elaboración para que fagan chegar as súas achegas, e solicitaranse os informes ao Consello Económico e Social e ao Consello Galego de Economía e Competitividade, como paso previo á súa aprobación nos vindeiros meses no propio Consello da Xunta.

Proceso participativo

O plan elaborouse logo dun proceso participativo e colaborativo de interlocución con todo o sector que se desenvolveu a través dun convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), o Clúster da Madeira e do Deseño de Galicia, a Asociación provincial de empresarios da primeira transformación da madeira de Lugo e a Federación Empresarial de Aserradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia. Ademais, levouse a cabo unha consulta pública a través do portal de transparencia e goberno aberto para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas.

A análise do sector realizada no marco da elaboración do plan director pon de relevo os retos e oportunidades a que se vai enfrontar esta industria no futuro coa combinación da tradición forestal, a innovación tecnolóxica e a sustentabilidade e, nomeadamente, o papel que vai xogar na descarbonización doutros sectores estratéxicos como o da construción e rehabilitación a través do emprego da madeira como elemento estrutural e da hibridación con outros materiais ou a biorrefinaría, a través das sucesivas transformacións da madeira e os seus subprodutos en biomateriais, biocombustibles e mesmo fibras téxtiles.

Así mesmo, a dixitalización da cadea forestal-madeira permitirá mellorar a xestión dos montes, optimizar os procesos industriais e comerciais e garantir a sustentabilidade grazas á incorporación da intelixencia artificial e de sistemas de rastrexabilidade avanzada.

Nove plans para nove sectores estratéxicos

Ata o de agora, o Goberno galego ten declarados nove sectores como estratéxicos para a economía, ademais do sector forestal. Son os seguintes: a automoción e a construción naval, que xa contan con cadanseu plan director aprobado; a industria das TIC, o sector alimentario, o da función loxística, a industria da construción, a metalmecánica e o sector téxtil e da confección.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A elaboración dos plans directores dos sectores declarados estratéxicos forma parte da estratexia de promoción industrial da Consellería de Economía e Industria e complementa o Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais co obxectivo de facilitar o proceso de transformación das industrias galegas e impulsar novas oportunidades de negocio que xeren riqueza e emprego de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA AXUDAS DE 17,5 M€ PARA IMPULSAR O AFORRO, A EFICIENCIA ENERXÉTICA E O USO DE ENERXÍAS RENOVABLES EN EMPRESAS, PEMES E FOGARES

- O Goberno galego busca reducir as emisións de CO₂ e mellorar a competitividade do tecido empresarial
- Son catro liñas de axuda que sairán publicadas no Diario Oficial de Galicia (DOG) o vindeiro día 20 e que permitirán mobilizar máis de 51 millóns de euros para instalar caldeiras de biomasa, paneis solares fotovoltaicos ou para implantar solucións que reduzan o consumo e o custo da factura eléctrica, entre outros

O Consello da Xunta avaliou esta mañá a nova convocatoria de axudas que vai lanzar a Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para fomentar o uso de fontes de enerxía renovables e apostar polo aforro e a eficiencia enerxética nas empresas, administracións e entidades sen ánimo de lucro asentadas na Comunidade. Para avanzar nestes obxectivos, o Goberno galego conta con 17,5 millóns de euros en catro liñas de apoio coas que se agarda mobilizar preto de 52 millóns de euros e acadar importantes aforros económicos. As bases das convocatorias sairán publicadas o vindeiro 20 de xaneiro no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Por unha banda, a Xunta activará nas vindeiras semanas o programa de apoios para que empresas e autónomos do ámbito agrícola primario poidan mellorar o seu consumo enerxético e desenvolver proxectos de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética. Trátase dunha liña de concorrencia competitiva, que conta cun orzamento de 1.305.000 euros cos que se prevé mobilizar 4,6 millóns de euros. Establécese un máximo de 100.000 por proxecto e de 300.000 euros por empresa, agás no caso de instalacións de autoconsumo colectivo, en que se establece unha axuda máxima de 500.000 euros por proxecto e por empresa. O prazo para presentar as solicitudes abrirá o vindeiro 29 de xaneiro e rematará o 2 de marzo.

A segunda das liñas de axuda vai dirixida a apoiar proxectos de aforro e eficiencia enerxética impulsadas por empresas e autónomos con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, así como ás empresas de servizos enerxéticos (ESE) que xestionen instalacións consumidoras de enerxía con programas de aforro enerxético. Serán subvencionables proxectos con investimentos superiores a 15.000 euros que, no caso de empresas con actividade de transformación e comercialización de produtos de pesca e acuicultura, poden alcanzar os 200.000 euros.

En canto ás contías das achegas, a axuda máxima por expediente ascende a 1 millón de euros, que no caso de minimis está limitada a 300.000 euros, mentres que o apoio máximo por empresa beneficiaria será de 2 millóns de euros. O orzamento global do programa é de 7,5 millóns de euros cos que se prevé mobilizar 30 millóns de euros e o prazo para solicitar as axudas abrirase o vindeiro 30 de xaneiro e rematará o 15 de setembro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Instalación de paneis solares

Por outra banda, a Administración galega volve convocar axudas destinadas a proxectos de xeración de electricidade mediante a instalacións de paneis solares fotovoltaicos. Os seus beneficiarios son as entidades locais de Galicia, as entidades sen ánimo de lucro e as empresas ou autónomos con domicilio social ou centro de traballo na Comunidade. O orzamento total ascende a 6,5 millóns de euros e concederáse seguindo o procedemento de concorrència competitiva e cuns importes máximos por empresa beneficiaria de 150.000 euros. Estes apoios favorecerán a mobilización de máis de 13 millóns e complementan as axudas publicadas en outubro do ano pasado e que estiveron abertas ata decembro, destinadas a instalacións de paneis solares fotovoltaicos no sector residencial. O prazo para solicitálas será do 28 de xaneiro ata o 27 de febreiro.

Finalmente, a Administración galega apoia o uso de biomasa, xeotermia, hidrotermia, aerotermia e solar térmica con axudas que alcanzarán o 50% de intensidade. Poderán beneficiarse tanto os propietarios dun inmovble residencial como as comunidades e mancomunidades de veciños sempre que as vivendas ou edificios do sector residencial estean situadas en territorio galego. De concorrència competitiva, contan cun orzamento de 2,1 millóns de euros e aspiran a mobilizar máis de catro millóns de euros. As axudas poderán solicitarse desde o 9 de febreiro ata o 13 de marzo.

Con este programa de apoios, o Goberno galego pretende non só a redución dos custos enerxéticos e a mellora da calidade de vida ligada ao coidado ambiental, senón tamén contribuír á dinamización económica do rural e a un cambio cultural necesario para abordar a transición enerxética en todos os eidos. As convocatorias están cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Feder-Galicia 2021-2027, así como co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural Feader no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO DE TRAZADO PARA O ENSANCHE E MELLORA DA PO-230 EN CERDEDO-COTOBADE E CAMPO LAMEIRO, CUN INVESTIMENTO DE 4,4M€

- Acondicionarase un treito de 5,3 quilómetros da estrada autonómica, que transcorre polos núcleos de Praderrei e Parada, en Campo Lameiro, e Fentáns, en Cerdedo-Cotobade
- A intervención permitirá mellorar a seguridade viaria ao ampliar o largo da calzada a sete metros e rectificar o raio de 19 curvas
- A actuación enmárcase no compromiso da Xunta de investir en infraestruturas no rural que axuden a vertebrar o territorio, asentar poboación e impulsar a actividade económica
- A Xunta prevé realizar a comezos deste ano a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións, e procederase á redacción do proxecto construtivo, á súa aprobación e posterior licitación da execución da obra

O Consello da Xunta vén de aprobar definitivamente o proxecto de trazado do ensanche e mellora da estrada PO-230 ao seu paso polos concellos de Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, en que se investirá un orzamento de 4,4M€

A actuación abranguerá a ampliación e mellora da estrada autonómica PO-230, no tramo de 5,3 quilómetros de lonxitude (do pk 2+000 ao 7+300) que percorre os núcleos de poboación de Praderrei (Campo Lameiro), Fentáns (Cerdedo-Cotobade) e Parada (Campo Lameiro).

A intervención busca a mellora da funcionalidade e seguridade viaria desta estrada, no marco do compromiso da Xunta para actuar nas infraestruturas autonómicas que discorren por concellos rurais e do interior, con melloras que axudan á súa vertebración, a asentar poboación, mellorar a calidade de vida da veciñanza e a impulsar economicamente estes concellos.


Abordarase a través desta actuación a ampliación do largo da calzada a 7 metros, con dous carrís destinados á circulación de 3 metros de largo e beiravías de 0,5 m na maior parte do treito. Naqueles puntos onde existan restricións patrimoniais manterase a sección existente e adaptaranse os elementos funcionais.

Ademais, rectificarase o raio de 19 curvas e o proxecto tamén prevé diversos cambios de sentido, concretamente nos pq 2+899, 5+300 e 6+327, e melloraranse os accesos existentes desde o viario municipal.

A Xunta prevé realizar a comezos deste ano a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións, e procederase á redacción do proxecto construtivo, á súa supervisión e aprobación, e posterior licitación da execución da obra.

Plano de situación da actuación e exemplo de mellora de curvas:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DE SOLO DO CONCELLO DE BAIONA PARA CONSTRUIR 12 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO MUNICIPIO PONTEVEDRÉS

- O Executivo autonómico toma razón do expediente de aceptación da cesión gratuíta dunha parcela municipal, e continúa ampliando o parque público residencial
- O investimento autonómico estimado na execución das obras roldará os 2,3 M€
- Nas vindeiras semanas licitarase por un importe superior aos 120.000 euros a redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 12 novos fogares
- O Goberno galego segue avanzando para duplicar o parque público residencial nesta lexislatura, tendo xa en marcha e en diferentes fases de execución preto de 3.000, ás que se sumarán 1.000 fogares públicos máis neste mesmo ano

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido gratuitamente por parte do Concello de Baiona, que lle permitirá á Xunta impulsar a construción de 12 vivendas de promoción pública neste municipio pontevedrés.

Seguindo coa progresión no compromiso do Executivo autonómico de duplicar o parque público de vivenda na Comunidade para o ano 2028, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública (Vipugal), recibiu o compromiso do Concello desta cesión da titularidade gratuíta da parcela J do polígono UE núm. 3 do PERI 3 de Baiona, no obxectivo de impulsar vivenda protexida nesta vila e seguir incrementando o parque público residencial autonómico.

O Goberno galego deulle tamén o visto e praxe á próxima licitación, por un orzamento superior aos 120.000 euros, da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 12 vivendas públicas, garaxes e rochos na citada parcela, que acada unha superficie de 871 metros cadrados.

O investimento estimado na execución deste obras roldará os 2,3 M€.

A Xunta, a través de Vipugal, licitará estes contratos e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

Con esta nova cesión de solo, Baiona súmase aos 13 concellos que nesta lexislatura están xa a colaborar coa Xunta no desenvolvemento de vivenda pública. Esta rede inclúe concellos como Pontevedra, Lugo, Teo, Lalín, A Estrada, A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ames, Carballo, Narón, San Cibrao das Viñas, Arteixo e Bueu.

O Goberno galego continúa a traballar para duplicar o parque público residencial na Comunidade Autónoma nesta lexislatura, tendo en marcha e en diferentes fases de execución preto de 3.000, e co obxectivo de sumar neste mesmo ano 2026 outros 1.000 fogares públicos máis.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O ACORDO DE MELLORAS LABORAIS E RETRIBUTIVAS PARA O PERSOAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O acordo incorpora a mellora das condicións do persoal médico e enfermeiro de atención primaria, especialmente dos puntos de atención continuada (PAC)
- Establécese un incremento retributivo moi importante para a xornada complementaria do persoal enfermeiro
- A noite do venres a sábado do persoal médico dos puntos de atención continuada (PAC) terá os mesmos complementos retributivos que a noite do sábado a domingo
- O persoal de PAC que realice prolongación de xornada nos centros de saúde terá as mesmas retribucións que o propio persoal dos centros de saúde
- O acordo recolle un incremento dun 2,5 %, e con efectos retroactivos desde o ano 2025, da contía do complemento de produtividade por cumprimento de obxectivos
- Desde este ano aplicaranse ao persoal de atención primaria e atención hospitalaria con xornada semanal de 35 horas os mesmos días de compensación por festividade que coincidan en sábado que se establezan para o persoal da Administración xeral
- Todas estas melloras reflicten a aposta da Xunta pola sanidade pública e polo seu persoal

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa reunión semanal, novas melloras retributivas e de xornada para o persoal do Servizo Galego de Saúde. As principais melloras, con efectos desde o 1 de xaneiro, son para o persoal dos puntos de atención continuada (PAC).

Estas melloras foran acordadas coas organizacións sindicais CSIF, CCOO e UGT na Mesa Sectorial do pasado 5 de decembro e están incluídas nos acordos de desconvocatoria de folga asinados con distintos representantes dos profesionais.

En concreto, recóllese un incremento retributivo moi importante para a xornada complementaria do persoal de enfermería. Así, o valor da hora da xornada complementaria do persoal de enfermería dos PAC equipararase ao valor da hora previsto para a presenza física de enfermeiro nos días laborables.

Tamén a noite do venres a sábado do persoal médico de PAC terá os mesmos complementos retributivos que a noite do sábado a domingo.

Ademais, o persoal de PAC que faga prolongación de xornada nos centros de saúde terá as mesmas retribucións que o propio persoal dos centros de saúde. Por outra parte, incrementarase nun 50 % a indemnización por manutención (pasa de 10 a 15 euros).

Incremento do complemento de produtividade variable

O acordo tamén incrementa nun 2,5 %, con efectos retroactivos desde o ano 2025, a contía do complemento de produtividade por cumprimento de obxectivos do persoal estatutario que o está a percibir (como o persoal médico), tanto de atención primaria

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como hospitalaria. Ademais, para o futuro, e xa desde este ano, aumentarase co incremento xeral de retribucións que establezan os orzamentos.

Xunto ao anterior, desde este ano, o Servizo Galego de Saúde aplicará ao persoal de atención primaria e hospitalaria que teña un réxime de xornada semanal de 35 horas os mesmos días de compensación por festividade que coincidan en sábado que se establezan para o persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma. Esta medida beneficiará colectivos como o persoal facultativo especialista de área dos hospitais ou, en atención primaria, o persoal médico e enfermeiro dos centros de saúde.

Todas estas medidas están enmarcadas nun proceso de mellora global das condicións de traballo do persoal do Servizo Galego de Saúde que se iniciou co acordo do Consello da Xunta do 8 de setembro de 2022 e continuou co Acordo do 29 de xuño de 2023, o que reflicte a aposta do Executivo autonómico pola sanidade pública e polo seu persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA A CONTRATACIÓN DOS PRIMEIROS TRABALLOS AO ABEIRO DO NOVO CONVENIO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS, CUN INVESTIMENTO DE CASE 6 M€

- O Consello do Goberno autonómico avaliou hoxe o proxecto de acordo en que se recolle a contratación destes 12 lotes, cos que se poderá actuar en todo o territorio galego
- Este orzamento permitirá levar a cabo traballos en preto de 1.900 hectáreas naqueles concellos que se sumen ao acordo, cuxa adhesión xa pode formalizarse
- A esta primeira contratación sumaranse outras este ano co fin de apoiar municipios e propietarios nas tarefas de prevención fronte a incendios forestais nas franxas que rodean os núcleos

O Consello da Xunta avaliou hoxe o proxecto de acordo polo que se inicia o procedemento de contratación dos primeiros lotes de traballos de xestión da biomasa nas faixas secundarias ao abeiro do novo convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e a empresa pública Seaga. Son un total de 12 lotes por un importe de preto de 6 millóns de euros, IVE incluído, cos que se poderá actuar en todo o territorio galego. De xeito concreto, a repartición de lotes é de tres para a provincia da Coruña, dous para Lugo, catro para Ourense e tres para Pontevedra.

Este orzamento permitirá actuar en preto de 1.900 hectáreas, chegando aproximadamente a máis de 37.000 parcelas, naqueles concellos que se sumen ao acordo. De feito, cómpre lembrar que os concellos xa poden formalizar a súa adhesión, dado que o convenio está publicado desde o 29 de decembro no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Esta é a primeira contratación de actuacións que se fai ao abeiro deste novo acordo, posible grazas á recente sinatura entre a Consellería e Seaga. Ao longo de 2026 sumaranse máis contratacións que teñen por obxectivo apoiar os municipios e propietarios á hora de cumprir coas súas obrigas e executar as tarefas de prevención fronte a incendios forestais nesas franxas de protección que rodean os núcleos de poboación. Cómpre lembrar que, tal e como queda reflectido na Lei de incendios, os titulares das parcelas teñen ata o 31 de maio de cada ano para realizar unha correcta xestión da biomasa nestas faixas. A partir desa data é cando se inician as inspeccións.

Novidades do convenio con Seaga

Cabe sinalar que esta colaboración inclúe importantes novidades en comparación cos acordos asinados con anterioridade nesta materia. Así, increméntase o orzamento ata os 25 millóns de euros anuais, nos que se inclúe o fondo específico de limpeza de faixas dotado con 10 millóns por anualidade. A maiores, reforzase o apoio a concellos, especialmente aos de menos de 10.000 habitantes, e a particulares. Promoverase tamén a realización, de xeito áxil, das execucións subsidiarias en zonas de risco de incendio en que os titulares non cumpran coas súas obrigas, en liña co disposto na Lei de medidas que acompaña os orzamentos de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, e co fin de fortalecer este convenio, incrementarase o número de parroquias priorizadas, que pasan de 157 a 276 neste novo convenio. Estas son as parroquias en que os particulares teñen a opción de contratar a Seaga para as rozas por un importe de 420 euros por hectárea. Cómpre lembrar que se continúa a ofrecer a posibilidade de que esta empresa pública realice execucións subsidiarias en ata 10 hectáreas por concello e ano -fóra desas parroquias catalogadas como priorizadas- e a limpeza de 12 quilómetros de vías municipais. Tamén se ampliará a subministración de especies que axuden a construír unha franxa natural de protección dos núcleos urbanos e fagan innecesarias sucesivas limpas desas parcelas.

A través de Seaga, os concellos adheridos terán á súa disposición axuda para a revisión, modificación ou elaboración do plan municipal de prevención, así como de apoio para realizar as inspeccións e notificacións aos titulares das parcelas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA IMPULSA O SECTOR DO MAR CUNHA NOVIDOSA ORDE DE AXUDAS PARA FORMACIÓN POR VALOR DE 800.000 €

- Permitirá ás confrarías, organizacións de produtores, cooperativas ou asociacións profesionais de reparación de redes e as súas federacións executar as accións
- O obxectivo é promover unha pesca rendible e competitiva mediante a mellora das capacidades, o desenvolvemento profesional e as condicións laborais, tendo en conta as necesidades do sector
- Ao abeiro das achegas de formación, que por primeira vez serán de concorrencia non competitiva, impartíronse 300 cursos, dos que se beneficiaron 4.000 persoas, moitas delas mulleres

A Consellería do Mar consolida o seu compromiso coa profesionalización e cualificación do sector pesqueiro. O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe coas bases que regulan unha novidosa orde de axudas para a formación dos traballadores do mar e que pon en marcha o Goberno galego para o presente ano. Por primeira vez, serán de concorrencia non competitiva, deseñadas para que poidan ser pedidas conforme as vaia necesitando o sector, e contan cun investimento de 800.000 euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa).

As accións formativas serán executadas polas confrarías e as súas federacións, organizacións de produtores, cooperativas ou asociacións profesionais de reparacións de redes e as súas federacións, así como as demais entidades asociativas de profesionais xuridicamente constituídas. Poderán solicitálas desde o quinto día hábil posterior ao día da publicación da convocatoria no DOG e o prazo permanecerá aberto ata que se esgote o crédito ou ata o día 20 de outubro, adaptándose, deste xeito, ás necesidades dos beneficiarios.

O obxectivo é promover as condicións para un sector pesqueiro rendible e competitivo, mediante a mellora das capacidades para impulsar o desenvolvemento profesional e a mellora das condicións laborais. Estas achegas tamén teñen como finalidade facer máis atractivo o sector, promover un uso máis eficiente dos recursos e xerar unha maior sensibilización e respecto polo medio ambiente.

Entre as accións subvencionadas inclúese formación específica marítima e náutico-pesqueira, cursos de mariñeiro pescador dirixidos a persoas interesadas en acceder ao sector, ademais das actividades orientadas á adquisición de mellora das competencias dixitais, vinculadas á innovación, á xestión empresarial, emprendemento, comercialización, seguridade alimentaria ou á xestión sustentable, entre outros.

4.000 participantes

No 2025 desenvolveranse 97 accións das se beneficiaron 1.340 persoas. En total, desde o ano 2021, dentro dos períodos Femp e Fempa, estas axudas favoreceron o desenvolvemento de preto de 300 cursos que mobilizaron preto de 1,9 millóns de euros. Desde esa data ata a actualidade, o número de persoas formadas co apoio da Xunta ascende a 4.000, destacando a elevada participación de mulleres, unhas 1.000.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NAS POLÍTICAS DE REPOTENCIACIÓN E TRAMITA 7 SOLICITUDES PARA ELIMINAR 222 AEROXERADORES E AUMENTAR NUN 35% A SÚA PRODUCCIÓN RENOVABLE

- O Consello toma razón dun informe sobre as solicitudes recibidas nos últimos meses para repotenciar instalacións xa existentes e que se suman ás nove autorizadas nos dous anos anteriores
- Coa substitución da maquinaria máis antiga por un menor número de máquinas e máis eficientes, lógrase reducir as emisións contaminantes e incrementase a produción de enerxía eléctrica
- Estímase que coas melloras que se van introducir nestes 16 parques se evitaría a emisión de máis de 702.650 toneladas anuais de CO₂ á atmosfera, contribuíndo deste xeito ao reto da descarbonización de Galicia, reducindo o impacto na contorna e na paisaxe e confirmando as previsións xa manexadas pola propia Xunta grazas a un estudo presentado ante o Consello da Xunta en abril de 2025
- Galicia segue avanzando cara á transición enerxética e tramita como de interese público superior todos os proxectos de enerxías renovables, tanto os novos coma os que supoñan mellorar os xa existentes, en liña co criterio defendido pola UE
- Desde 2024, o Goberno autonómico logrou reducir os prazos de tramitación das repotenciacións de varios anos a só uns meses desde a presentación da solicitude

A Xunta está a tramitar sete novas solicitudes de repotenciación presentadas nos últimos meses polos promotores doutros tantos parques eólicos xa instalados na Comunidade. Así se recolle nun informe conxunto das consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático, e Economía e Industria, e no que se sinala que, en caso de que finalmente sexan autorizados, estes proxectos permitirán eliminar 222 aeroxeradores, pasando dos 259 que teñen a día de hoxe a só 37 e, ademais, mantendo a mesma potencia (máis de 190 MW).

Segundo foi informado hoxe o Consello, estas melloras conseguiranse apostando por unha maior eficiencia dos actuais parques xa que repotenciar consiste en substituír as máquinas máis antigas instaladas por outras máis modernas e eficientes ao ter maior capacidade de varrido, de forma que con moitos menos aeroxeradores se pode, coa mesma potencia, incrementar nun 35% a produción enerxética.

Cómpre lembrar que entre 2024 e 2025 a Xunta aprobou a repotenciación doutros nove parques eólicos en Galicia, dos cales tres xa están nestes momentos en obras. De feito, estímase que coa execución dos sete proxectos actualmente en tramitación e dos nove autorizados, estes 16 parques pasarán de producir 1.108.000 MWh/ano a 1.495.000 MWh/ano, o que equivale ao consumo eléctrico anual de 373.750 familias (máis que as poboacións das cidades da Coruña e Santiago xuntas).

Así mesmo, a execución das repotenciacións voluntarias previstas actualmente en Galicia levará asociados tamén importantes beneficios ambientais xa que, por un lado, se evitarán emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) e, por outro, se incrementará

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a súa produción renovable, reducindo consecuentemente a necesidade de consumir enerxías tradicionais.

En concreto, a previsión é que grazas á execución destes 16 proxectos se poida evitar a emisión de 702.650 toneladas de CO₂ anualmente á atmosfera, é dicir, as mesmas que xerarían 562.100 coches circulando durante todo un ano.

Polo tanto, tendo en conta todas as repotenciacións voluntarias de instalacións eólicas previstas actualmente, Galicia está en disposición de reducir o número de aerogeneradores instalados nestes 16 parques de 620 a 111. O obxectivo destes proxectos é producir a medio prazo máis enerxía renovable pero cun 82% menos de máquinas funcionando e sen necesidade de buscar novas localizacións nin de construír liñas de evacuación adicionais para conectalos á rede.

Estes proxectos de repotenciación veñen confirmar os datos presentados ante o Consello da Xunta o pasado mes de abril de 2025, en que un estudo da Universidade de Vigo sobre as repercusións que tería a repotenciación en Galicia establecía unhas estimacións relativas a que, como consecuencia da repotenciación, e mantendo a potencia instalada constante, o número de aerogeneradores instalados se reduciría entre 74% e un 79%, a xeración de enerxía poderíase incrementar ata un 35%, implicaría un aumento das horas equivalentes por encima do 23%, e que o incremento da xeración equivalería a instalar 20 novos parques de 40 MW.

Pulo á descarbonización e á neutralidade climática

O impulso a novas repotenciacións contribúe ao proceso de descarbonización e de transición enerxética de Galicia xa que permite seguir avanzando cara á neutralidade climática: o equilibrio entre as emisións GEI e as absorcións. Por iso, a Xunta vén aplicando desde hai anos o mesmo criterio que a UE, que considera as enerxías renovables de interese público superior –tanto se son proxectos novos como melloras para realizar nos existentes, como sería o caso dos parques repotenciados– xa que contribúen a loitar contra o cambio climático e garanten a seguridade e a saúde das persoas.

Con base nese interese estratéxico do sector eólico –recoñecido por lei a nivel autonómico desde 2023– e no marco da súa continua aposta pola simplificación administrativa, o Goberno galego realizou tamén un grande esforzo por acurtar os tempos de tramitación das repotenciacións voluntarias.

Así, desde 2024 a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático logrou reducir considerablemente os prazos de autorización administrativa deste tipo de proxectos, pasando de tardar anos a apenas uns meses e demostrando tamén deste xeito o seu compromiso co mandato comunitario de axilizar estes procedementos para garantir que non se alonguen máis de dous anos. Esta axilización xa se percibiu na tramitación da maioría dos nove proxectos autorizados nos dous últimos anos e a previsión é que as sete novas solicitudes se resolvan ao longo de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, o interese dos promotores por modernizar os parques eólicos actualmente en funcionamento en Galicia e cunha certa antigüidade vai en aumento. Neste sentido, cómpre lembrar que aínda que os primeiros parques eólicos da Comunidade datan da década dos 80, con anterioridade ao ano 2020 só cinco instalacións de enerxía eólica executaran proxectos de repotenciación que lles permitiron pasar de 260 máquinas a 50, mantendo a mesma potencia enerxética.

Galicia, líder en redución de emisións netas

Galicia parte dunha boa posición na loita contra o cambio climático. As emisións netas de gases de efecto invernadoiro na Comunidade reducíronse en 2023 nun 61,7% respecto a 1990, ano de referencia para as políticas climáticas a nivel europeo, un dato que a converte na comunidade española que logrou a maior redución neste período. De feito, as súas emisións baixan a un ritmo cinco veces superior ao do conxunto do país.

Ademais, na actualidade o 44,8% do consumo enerxético final na Comunidade procede xa de fontes renovables, polo que se cumpre tamén o obxectivo marcado pola directiva comunitaria de cara ao ano 2030, que fixa esta porcentaxe nun mínimo do 42,5%.

Polo tanto, despois de anos de traballo neste eido, a Xunta marcou o reto de acadar a neutralidade climática no horizonte de 2040, compromiso fixado no proxecto da Lei do clima que tramita actualmente o Parlamento autonómico e que suporía adiantarse nunha década ao prazo fixado pola propia Comisión Europea.

Non obstante, a economía estase electrificando cada vez máis e o nivel de exixencia en canto aos retos de descarbonización é cada vez maior, polo que cómpre acelerar a implantación das renovables. Por iso, o bloqueo xudicial que afecta o sector eólico galego desde hai anos compromete estes obxectivos e explica tamén por que, malia ter excelentes recursos no seu territorio, Galicia perdeu o liderado nacional neste eido.

Na súa aposta polas renovables e para achegarse ao obxectivo da neutralidade climática no prazo comprometido, Galicia necesita aumentar a enerxía eléctrica xerada con fontes renovables, como a eólica.

Actualmente a potencia eólica instalada en Galicia é de 4.022 MW entre 194 parques en funcionamento. Porén, das 140 instalacións autorizadas e sen operar (incluídos os nove proxectos de repotenciación), un total de 92 cunha potencia de 2.512 MW están afectadas por recursos xudiciais. Esta situación ten un impacto directo nos obxectivos galegos de descarbonización, xa que só coa execución destes proxectos xudicialmente bloqueados se evitaría a emisión de case 2,5 millóns de toneladas de CO₂ anuais, o que supón a cuarta parte do que Galicia debe reducir para acadar a neutralidade climática.

Neste sentido, cómpre lembrar que o pasado 1 de agosto o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) avalou a tramitación ambiental dos proxectos eólicos realizada pola Xunta, unha decisión que se agardaba que axilizaría a implantación dos proxectos suspendidos e achegaría a seguridade xurídica que reclama o sector. Pola contra, case

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seis meses despois do pronunciamento europeo, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia mantén bloqueada a situación e os 92 parques impugnados seguen paralizados.

PARQUES EÓLICOS CON NOVAS SOLICITUDES DE REPOTENCIACIÓN	Nº AEROS ACTUAL	Nº AEROS FUTURO
BARBANZA I	60	4
BARBANZA II	26	2
FARELO REPOTENCIACIÓN	18	4
SERRA DA LOBA REPOTENCIACIÓN	18	5
MONTE TREITO REPOTENCIACIÓN	40	7
SERRA DO CANDO REPOTENCIACIÓN	44	7
MONTE SEIXO CANDO REPOTENCIACIÓN	53	8
	259	37

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DIFUNDE O MAPA DE APOIOS Á I+G+I DE 2026 QUE INCLÚE 35 LIÑAS DE AXUDA CUN ORZAMENTO DE 261 M€

- Esta ferramenta, que recolle información de 14 departamentos de sete consellerías, busca dar seguridade ás entidades interesadas e facilitar a súa planificación
- As convocatorias permiten seguir impulsando a boa evolución da ciencia e innovación galegas, que no 2024 alcanzaron unha cifra récord de investimento de 1.058 M€

O Consello da Xunta analizou hoxe o Mapa de apoios da Xunta de Galicia á I+G+i 2026, un instrumento que servirá como guía para os profesionais e entidades dedicados á ciencia e a innovación con fin de darlles seguridade e facilitar a planificación de proxectos e a preparación de solicitudes para acceder ás axudas. Esta ferramenta recolle actualmente 35 liñas de axuda que supoñen un volume total de 261 M€ para o ano 2026.

O obxectivo deste mapa, elaborado a través da Comisión Interdepartamental de I+D+i, é dar a coñecer as axudas existentes e, ao mesmo tempo, acompañar o gran crecemento da I+G+i, que no ano 2024 volveu alcanzar unha cifra récord de investimento ata chegar aos 1.058 M€. De feito, Galicia subiu tres puntos máis que o conxunto do Estado segundo os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística. Grazas a isto, escala un posto no ranking das autonomías que máis destinan a I+D, ocupando xa a sexta posición. No nivel europeo, Galicia tamén escala nove chanzos no ránking das rexións máis innovadoras, converténdose na segunda de España que máis evoluciona e situándose entre as 25 zonas de Europa con mellor comportamento.

Neste senso, o Mapa de apoios da Xunta á I+G+i recolle todas as liñas da Administración autonómica dirixidos a financiar actuacións neste ámbito tanto de carácter individual como en colaboración entre os axentes do ecosistema. Elaborado pola Comisión Interdepartamental de I+D+i, baixo a coordinación da Axencia Galega de Innovación, o mapa recompila información de 14 departamentos e de sete consellerías (Educación, Ciencia, Universidades e FP; Economía e Industria; Facenda e Administración Pública; Emprego, Comercio e Emigración; Política Social e Igualdade; Medio Rural, e Mar).

Documento vivo e dinámico

Trátase da cuarta edición do Mapa de apoios, un documento vivo e dinámico, suxeito a actualizacións. No día de hoxe conta con 35 liñas e 261 M€, cifras que poderán aumentar ao longo do ano en función de novas convocatorias que se poidan incorporar.

O mapa ofrece información detallada sobre o órgano convocante, a liña de axuda, o tipo de beneficiario e o trimestre previsto de publicación. Ademais, as subvencións previstas estrutúranse en cinco áreas, que son as seguintes: talento, coñecemento, innovación e emprendemento, colaboración estratéxica e posicionamento.

No primeiro trimestre de 2026 está previsto lanzar as 23 primeiras liñas de axudas entre as que destacan as de apoio a persoal investigador, ao talento mozo ou proxectos de investimento rural, así como convocatorias de impulso da innovación ou de xeración de valor. Tamén destacan os apoios para fomentar actividades das *startups* galegas, servizos de asesoramento ou para a transformación da industria, entre moitas outras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA A ELABORACIÓN DA NOVA ESTRATEXIA DE EXCELENCIA DA BIOTECNOLOXÍA 2030 PARA CONSOLIDAR GALICIA COMO NUNHA BIORREXIÓN INTERNACIONAL

- A Consellería de Ciencia presentará antes do verán este documento, realizado en colaboración con BIOGA, que contará con achegas galegas e do exterior
- O obxectivo é contar cun tecido produtivo de alto valor engadido, capaz de crear emprego cualificado, atraer e reter talento e captar investimentos
- Trátase dun dos sectores que identifican e dan maior competitividade á I+G+i galega e polo que máis vai apostar o Goberno autonómico no vindeiro lustro
- O investimento en I+D en biotecnoloxía na Comunidade aumentou un 20%, cun incremento no número de empresas, de traballadores e de impacto no PIB

A Xunta de Galicia informou hoxe en Consello dos pasos iniciais que se están levando a cabo para a elaboración da nova Estratexia de excelencia da biotecnoloxía en Galicia 2030. Esta iniciativa, que ampliará o alcance da recente finalizada Estratexia de consolidación da biotecnoloxía 2021-2025, busca consolidar Galicia como unha biorrexión de referencia a nivel internacional. Dáse así cumprimento ao Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, que fixa a biotecnoloxía como unha iniciativa de alto impacto e un dos principais elementos que identifican e dan maior competitividade á I+G+i galega.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP xa está traballando de cheo na elaboración desta folla de ruta para o vindeiro lustro co propósito de continuar impulsando o sector biotecnolóxico galego. Para a súa elaboración contarase coa colaboración de BIOGA (Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida), entidade coa que o Goberno galego vén de establecer un convenio neste sentido.

Logo de dar por concluída en decembro de 2025 a Estratexia de consolidación, da que se está elaborando o resultado final para avaliar os obxectivos acadados, o Goberno autonómico quere subir un chanzo máis nesta aposta. Con esta finalidade, a través da Axencia Galega de Innovación da Xunta vaise definir a visión de futuro do sector para contribuír a un tecido produtivo de alto valor engadido, capaz de xerar emprego cualificado, atraer e reter talento e captar investimento e financiamento competitivo.

Enquisa aberta nos vindeiros días

A elaboración da estratexia será un proceso participativo que involucre todos os integrantes do ecosistema biotecnolóxico galego, pero tamén axentes nacionais e internacionais que contribúan a detectar necesidades e achegas que repercutan positivamente neste ámbito na Comunidade. Para iso, abrirase nos vindeiros días unha enquisa pública dirixida aos profesionais con preguntas relacionadas coas últimas tendencias en biotecnoloxía, innovación e emprendemento, talento, formación ou instrumentos de financiamento, entre outras. O obxectivo é recoller unha visión global das principais prioridades, retos e expectativas dos axentes biotecnolóxicos.

Ademais, desenvolveranse reunións e mesas de traballo con representantes públicos e privados que permitan poñer en común a súa visión e contribuír, así, a priorizar as liñas de actuación da estratexia, identificando necesidades e oportunidades reais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A previsión é aprobar a Estratexia de excelencia da biotecnoloxía antes do verán. Para iso, o calendario de traballo é o seguinte: en xaneiro monitorizaranse os datos sobre a situación actual para obter un resultado final da Estratexia de consolidación aplicada entre 2021 e 2025, mentres que ata marzo se realizará unha análise de tendencias, identificación de capacidades e barreiras do sector. Durante os meses de abril e maio definirase e redactarase o documento para presentala, finalmente, antes do verán.

O balance intermedio 21-23

A elaboración desta nova estratexia susténtase nos bos resultados acadados ata o momento. Á espera de coñecer os resultados finais da estratexia que vén de rematar, o balance intermedio (sobre o período 21-23) evidencia unha evolución positiva do sector. En concreto, Galicia conta con 66 empresas cuxa actividade principal é a biotecnoloxía, máis de 160 entidades desenvolven produtos ou servizos baseados nesta tecnoloxía e as empresas incrementaron o seu impacto na economía rexional ata o 0,37% do PIB.

O investimento en I+D en biotecnoloxía aumentou máis dun 20% respecto a 2020 e constitúe xa o 17% do total do gasto de I+D en Galicia, o que constata o carácter marcadamente innovador deste sector. Ademais, o número de persoas que está a traballar I+D biotecnolóxica superou as 1.720, o que supón un 6% máis que en 2020.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RESOLVE DE MANEIRA FAVORABLE MÁIS DE 86.300 EXPEDIENTES NO PRIMEIRO ANO DE VIXENCIA DO PLAN DE AXILIZACIÓN E SIMPLIFICACIÓN DA DEPENDENCIA E DISCAPACIDADE

- No 2025 tramitáronse con resultado positivo un 92,4% máis de expedientes que no exercicio de 2024
- En concreto, hai 28.737 novas persoas atendidas en dependencia e recoñecéuselle a discapacidade a 57.582 persoas
- Reduciuse o tempo de espera en dous meses, pese ao incremento do número de solicitudes e de que o período de agarda aumentou no conxunto de España
- O importe destinado á atención das novas altas superou os 89 millóns de euros, o que representa case catro veces máis que no ano 2024

O Consello da Xunta avaliou hoxe un novo informe de seguimento do Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade no que se fai balance do primeiro ano de vixencia desta iniciativa, cuxo obxectivo máis importante é atender ás persoas do xeito máis áxil posible. Neste senso, no 2025 resolvéronse de maneira favorable un total de 86.319 expedientes, un 92,4% máis que o ano anterior.

En concreto, en dependencia hai 28.737 novas persoas atendidas e recoñecéuselle a discapacidade a 57.582 persoas. Así mesmo, logrouse reducir en dous meses o tempo de espera, un feito que é especialmente relevante se temos en conta que este se incrementou no conxunto de España e que na nosa comunidade o número de solicitudes de dependencia aumentou nun 89%.

Estes datos poñen de manifesto que o Plan e as medidas con el implantadas están a funcionar correctamente. Algunhas delas son: a redución da burocracia para que con un só documento (o da solicitude) sexa suficiente para iniciar o procedemento, a valoración automática das persoas con grao III de dependencia cando este se deduxa dos seus expedientes e informes de saúde, a maior coordinación co Servizo Galego de Saúde (Sergas), o reforzo do persoal ou a implantación dun sistema automático de citas.

Pulo histórico

O desenvolvemento deste Plan e a consecución deste fitos supuxo para Xunta o maior esforzo orzamentario da historia na dependencia. Así, o importe destinado á atención directa das máis de 28.700 novas altas rexistradas no 2025 superou os 89 millóns de euros. Esta contía representa case catro veces máis que no exercicio de 2024, no que se destinaron a novas altas algo menos de 23 millóns de euros.

A Xunta reforzará neste 2026 este Plan para seguir mellorando o acceso aos servizos e prestacións da dependencia e da discapacidade, co que se está dando un pulo sen precedentes neste ámbito. De feito, hoxe Galicia está preto de acadar as 94.000 persoas atendidas e sitúase entre as Comunidades Autónomas con mellor ratio de atención: un 99,8%, seis puntos por riba da media nacional. O obxectivo inicial marcado para este ano é chegar ás 100.000 persoas atendidas, unha cifra que se prevé superar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Déficit de financiamento do Goberno central

Por outra banda, a Xunta seguirá reclamando ao Goberno central que cumpra coa Lei de Dependencia e asuma o 50% do custo do servizos, en lugar de reducir a súa achega como está a facer ano tras ano. Este déficit no financiamento está a carrexar unha importante débeda con Galicia, que este 2026 chegará aos 2.900 millóns de euros. A Xunta está a demandar para Galicia o mesmo compromiso que o Executivo central ten co goberno Vasco: un financiamento a partes iguais (50%-50%) da dependencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A EGAP DESENVOLVERÁ NESTE 2026 MÁIS DE 760 ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO, CUNHA OFERTA DE PRETO DE 45.600 PRAZAS

- A Escola Galega de Administración pública presentou no Consello da Xunta o informe sobre o seu plan de formación para este ano
- As actividades para este exercicio reflicten a aposta polo reforzo da cualificación profesional do persoal ao servizo das administracións públicas, para ofrecer respostas eficaces e de calidade ás demandas dunha sociedade en permanente evolución

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre o plan de formación elaborado pola Escola Galega de Administración Pública para este ano 2026. Neste marco, ao longo do presente exercicio convocaranse un total de 765 actividades formativas e 45.572 prazas dirixidas ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, da Administración de xustiza e das entidades locais galegas, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, así como ao persoal técnico, de xestión e de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Entre as novidades deste plan destacan as actividades formativas na área de réxime xurídico, especialmente no ámbito da intelixencia artificial e das actuacións administrativas automatizadas, así como a ampliación da oferta de prazas nas accións formativas dirixidas á obtención da certificación galega de competencias dixitais por parte do persoal empregado público.

Así mesmo, consolídase o plan formativo en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, con novos títulos sobre a prevención da violencia de xénero a través dos servizos de axuda no fogar, a conciliación e a corresponsabilidade ou a diversidade sexual, corporal ou de xénero. E mantense tamén a oferta de formación continua do Instituto de Economía Pública de Galicia, con novos títulos sobre os aspectos básicos, situación e evolución da contabilidade pública na Comunidade Autónoma de Galicia, a intelixencia artificial aplicada aos procedementos tributarios ou a intervención administrativa en sectores regulados.

No que respecta á formación en idiomas estranxeiros, a Escola desenvolverá un programa completo baseado na progresividade por niveis, ao mesmo tempo que impulsará o seu dominio a través de accións formativas baseadas na práctica do idioma falado.

A oferta que conforma o plan para 2026 combina as modalidades de teleformación, telepresenza, autoformación e docencia presencial, ben que destaca o reforzo das modalidades baseadas nos medios telemáticos.

As actividades da EGAP para o ano 2026 reflicten a clara aposta polo reforzo da cualificación profesional do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para ofrecer respostas eficaces, eficientes e de calidade ás demandas dunha sociedade en permanente evolución. Non en van, o compromiso coa actualización continua contribúe á modernización da acción administrativa e á mellora da calidade dos servizos públicos prestados á cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCENTRA TODA A INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN URBANÍSTICA NUNHA PLATAFORMA DIXITAL AO SERVIZO DOS CONCELLOS E DEMAIS AXENTES IMPLICADOS

- A primeira fase, que se desenvolverá ata 2027, suporá investimentos de máis de 2,5 millóns de euros
- Este conxunto de ferramentas tecnolóxicas proporciona unha solución integral para a tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio
- A plataforma reducirá os prazos de tramitación e reforzará a transparencia e a seguridade xurídica
- O seu funcionamento combina o uso de tecnoloxías como os sistemas de información xeográfica ou a análise xeoespacial, e probará sistemas de intelixencia artificial e modelos de linguaxe de gran tamaño
- A plataforma consta dun portal de urbanismo, unha plataforma de tramitación, un nodo de coordinación urbanística e un sistema de información xeográfico
- O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre a evolución da Plataforma urbanística dixital de Galicia

A Xunta de Galicia porá á disposición dos concellos e demais axentes implicados unha plataforma dixital urbanística que permitirá a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio. O Consello de Goberno foi informado hoxe sobre a evolución e os prazos desta iniciativa que na primeira fase, que se completará en 2027, requirirá dun investimento de máis de 2,5 millóns de euros.

A Plataforma urbanística dixital de Galicia (PUDG), promovida pola Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e desenvolvida pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, proporciona unha solución para resolver de forma integral as necesidades no ámbito do urbanismo de Galicia. Os principais beneficiarios son os concellos, que constitúen os axentes máis directamente interesados na elaboración e aprobación dun plan ou instrumento de desenvolvemento.

A Plataforma permite realizar de principio a fin todos os procedementos administrativos necesarios para a planificación e xestión urbanística coa participación de todos os axentes. Ademais dos concellos directamente implicados, a plataforma integra a Xunta de Galicia, os organismos que participan nas fases de revisión dos plans por parte das administracións provincial, autonómica e local, outros organismos municipais, como os concellos lindeiros, e a cidadanía que participa na fase de consultas da tramitación ambiental ou no proceso de información pública.

A Plataforma estará aberta á cidadanía para que calquera persoa poida ver en todo momento o estado de tramitación do expediente. E permitirá tamén levar a cabo a xestión da documentación, o que resultará de grande axuda, sobre todo para os concellos máis pequenos, con menos medios técnicos e persoais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O uso destas ferramentas permitirá optimizar a xestión da tramitación, mellorar a prestación de servizos a toda a cidadanía e aumentar a eficiencia, transparencia e seguridade xurídica. Ademais, reducirá os prazos de tramitación, que no caso do planeamento urbanístico é un aspecto dunha enorme importancia.

Neste momento está en marcha a primeira fase para a posta en funcionamento da plataforma, que rematará en 2027. Neste período estarán xa operativos os catro módulos de que consta a Plataforma: o portal de urbanismo, a plataforma de tramitación, o nodo de coordinación urbanística e os visores SIX para a carga, análise e tramitación da información cartográfica. Na segunda fase completárase o sistema cun portal de urbanismo público que permitirá unha maior participación da cidadanía na tramitación dos instrumentos e un módulo SIX tamén en aberto.

O modelo de plataformas tecnolóxicas sectoriais que leva a cabo a Xunta de Galicia consiste na adaptación e preparación de todos os sistemas de xestión dos datos que manexa a Administración para poder dispoñer e usar ferramentas que aproveiten as potencialidades das tecnoloxías que están en fase de desenvolvemento, como a intelixencia artificial, a xestión intelixente do dato, a computación na nube, a internet das cousas, etc.

No caso da Plataforma de urbanismo, neste momento prevese xa o uso de tecnoloxías como microservizos e bases de datos relacionais e non relacionais, sistemas de información xeográfica, aplicacións web interactivas ou análise xeoespacial avanzada. Na primeira fase realizaranse, ademais, o estudo de casos de uso de intelixencia artificial e probas de concepto, con tecnoloxías como visión artificial, modelos de linguaxe natural LLM ou bases de datos vectoriais.

Os principais beneficios da Plataforma son a súa capacidade para coordinar todos os axentes implicados, que permite a xestión integral, que é un modelo máis eficiente porque conta con mecanismos de interoperabilidade e introduce o uso da intelixencia artificial e que proporciona mellor información visual da cartografía dos expedientes urbanísticos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A EXCELENCIA DOS MERCADOS DE ABASTOS CUNHA NOVA EDICIÓN DE APOIOS AXUSTADA Á REALIDADE DO SECTOR E PARA CHEGAR A NOVOS BENEFICIARIOS

- O Consello analizou a orde de 2026 destas axudas, dotada con preto de 2,3 M€ e que inclúe novidades como que poidan acceder a elas as asociacións sen ánimo de lucro cun mínimo de praceiros entre os seus asociados
- Para os concellos amplía o período subvencionable en prol da execución dos proxectos apoiados e, en todos os casos, axiliza o procedemento de concesión das achegas
- Os apoios, que poden pedir principalmente municipios, asociacións, cooperativas ou federacións, promoven tanto melloras das prazas co selo Mercado excelente como accións para acadar o distintivo -sendo a axuda máxima de 320.000€-
- A convocatoria enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que abarca outras actuacións en prol destes espazos como a recente simplificación dos trámites para obter e renovar o selo Mercado excelente e outros tipos de apoio

O Goberno galego lanzará nos próximos días a convocatoria de axudas deste ano para dinamizar e potenciar as prazas de abastos de Galicia e impulsar a súa certificación como mercados excelentes. Esta nova edición inclúe axustes realizados atendendo á realidade do sector co fin de chegar a novos beneficiarios. Entre eles, a posibilidade de que poidan acceder a estas axudas as asociacións sen ánimo de lucro cun mínimo de praceiros entre os seus asociados para realizar campañas de dinamización comercial, a ampliación do período subvencionable no caso dos concellos para optimizar a execución dos proxectos subvencionados e, en todos os casos, axiliza o procedemento de concesión das achegas.

A esta convocatoria, analizada hoxe no Consello da Xunta, o Goberno galego destina preto de 2,3 M€ para distribuír nas anualidades 2026 e 2027, e está dirixida principalmente aos concellos, asociacións, cooperativas ou federacións de prazas de abastos e mercados. Con estes apoios, a Xunta promove, por unha banda, accións dirixidas ao mantemento e mellora das prazas de abastos galegas que xa dispoñen do selo Mercado excelente e, pola outra, accións de diagnose, formación ou obras de rehabilitación para aqueles que desexen solicitar este distintivo, ademais de apoios á dinamización e fidelización.

Neste sentido, esta orde de axudas enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que reflicte a aposta da Xunta en prol do comercio de proximidade, e que fixa o obxectivo de chegar ás 25 prazas de abastos co selo Mercado excelente en 2030. Deste xeito, búscase consolidar unha rede de espazos recoñecidos con este distintivo e que son aqueles que están a responder de xeito diferencial e destacado aos retos da modernización e a innovación sen perder a súa autenticidade e tradición.

Detalles da convocatoria

Na mesma liña que outros apoios ao sector comercial como os destinados a impulsar a innovación e a sustentabilidade, estes poñen o foco na simplificación administrativa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cunha intensidade das axudas do 80 %. Así, no caso dos concellos, exíxirase menos documentación complementaria e simplificarase o procedemento de concesión e de pagamentos anticipados co obxecto de axilizar as achegas. En canto á novidade de que poidan acceder ás achegas as asociacións sen ánimo de lucro para accións de dinamización comercial, poderán facelo no caso de que non exista na praza para a que se solicita a axuda unha asociación de persoas vendedoras e sempre que contén entre os seus asociados cun mínimo do 50 % dos praceiros/as.

En concreto, haberá achegas para os concellos que xa contén co selo Mercado excelente e para os que queiran implantalo. Os que xa contén co distintivo poderán recibir axudas para o mantemento e mellora deste estándar, como obras de acondicionamento, mellora de servizos para a clientela, actuacións formativas ou comerciais. A axuda máxima é de 112.000€. Aqueles en que as prazas de abastos non sexan Mercado excelente poderán sufragar accións previas para acadar o selo, como a preparación –ou actualización, se é o caso– da diagnose da situación e usos do mercado, formación dos praceiros e praceiras ou elaboración da documentación técnica. Os que xa teñan completada a diagnose poden acollerse a apoios para obras de rehabilitación, melloras de accesibilidade, equipamento comercial ou instalación de sistemas de eficiencia enerxética. Neste caso, a achega máxima é de 320.000€.

As asociacións de prazas de abastos e mercados, cooperativas de vendedores –cun máximo de axuda de 11.200€– poden solicitar axudas para o mantemento dos seus *marketplaces*, material promocional ou servizos de fidelización de clientela, entre outras. As federacións de prazas de abastos poden optar a apoios para a realización de campañas comerciais ou eventos, ata un máximo de 40.000€. Por último, as outras asociacións terán unha achega máxima de 7.200€, neste caso para campañas de dinamización comercial.

Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030

O ano pasado beneficiáronse destas achegas para potenciar as súas prazas de abastos como Mercado excelente un total de 45 entidades (31 concellos galegos e 14 asociacións e federacións de prazas de abastos). Trátase dun compromiso que se seguirá impulsando no marco do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 e que abarca outras actuacións como a recente actualización e simplificación dos trámites para obter e renovar o selo Mercado excelente e outros tipos de apoio en prol destes espazos claves na vertebración do territorio e na xeración de emprego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 1,7 M€ PARA A MELLORA DA REDE DE CAMIÑOS DA PARCELARIA DE VAL DE CAMBA, EN RODEIRO

- No primeiro trimestre deste ano está previsto o inicio destas obras, sobre as que se actuará en 74 camiños secundarios e principais e se dotará de accesos os novos predios
- A zona abrangue unha superficie de 1.854 hectáreas, divididas en 7.529 parcelas e 1.869 predios que pertencen a 722 propietarios e xa se levan investidos máis de 4,4 millóns de euros no seu desenvolvemento
- A Consellería do Medio Rural dispón dun orzamento de 16,7 millóns neste ano para seguir impulsando as zonas de reestruturación parcelaria, o que supón case 4 máis con respecto ao 2025
- Desde o ano 2020, en Galicia rematáronse un total de 37 concentracións parcelarias, que abarcan unha superficie total de máis de 25.800 hectáreas, e desde 2021 decretáronse 30 novas que superan as 25.500 hectáreas

O Consello da Xunta avaliou hoxe as actuacións para a mellora da rede de camiños da zona de reestruturación parcelaria de Val de Camba, no concello de Rodeiro, cun investimento por parte da Consellería do Medio Rural de máis de 1,7 millóns de euros.

Está previsto que se inicien estas obras no primeiro trimestre deste ano e están centradas na rede de camiños secundarios, na mellora dos principais e para dotar de accesos os novos predios. Estas actuacións permitirán actuar sobre 36 camiños da rede secundaria, que supoñen algo máis de 4 quilómetros, aos que se lle suman outros 38 da principal, con 22,08 quilómetros.

A maiores, estas obras permitirán mellorar as entradas dos propietarios que así o solicitasen coa formación de ramplas tanto en zonas de desmonte coma de terraplén, incluíndo o despexe e a roza da vexetación existente, a implantación da parcela, a escavación ou achega material de préstamos. En total, presentáronse 138 solicitudes por parte dos propietarios para estas accións.

Así mesmo, dentro destas actuacións inclúense outras como o movemento de terras necesarios para a execución das obras, o estendido de cordóns de terra nalgúns leiras e o recheo de corredoiras, entre outras.

Este proxecto de mobilización de terra abrangue unha superficie de 1.854 hectáreas, divididas en 7.529 parcelas e 1.869 predios que pertencen a 722 propietarios. Ata o momento, xa se executou un investimento superior aos 4,4 millóns de euros en gastos de asistencia técnica, así como na creación da rede de camiños principais, na mellora da capacidade portante e resistencia e outras accións complementarias a esa rede.

16,7 millóns de euros no 2026

A Consellería do Medio Rural mantén a súa aposta polas zonas de reestruturación parcelaria para favorecer a ordenación da superficie agraria que permita un uso adaptado ás necesidades agrícolas e forestais de cada zona. Neste sentido, este mesmo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ano destinará 16,7 millóns de euros para seguir impulsando este tipo de proxectos, o que supón case 4 millóns máis que en 2025.

Ademais, estase a traballar en axilizar os trámites das concentracións parcelarias que están na fase final de execución, co fin de que os seus propietarios poidan conseguir unha maior rendibilidade da produción agraria e unha mellor ordenación da terra en función dos usos.

Cómpre lembrar tamén que desde o ano 2020 se remataron un total de 37 concentracións parcelarias, catro delas no ano pasado, que abarcan unha superficie total de máis de 25.800 hectáreas, beneficiando algo máis de 19.800 propietarios. Desde 2021 decretáronse 30 novas parcelarias en Galicia, que abranguen algo máis de 25.500 hectáreas, preto de 113.800 parcelas de case 16.500 titulares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O ORZAMENTO ATA OS 2,7 M€ PARA FORTALECER O EMPREGO NO RURAL EN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS

- O Consello da Xunta avaliou hoxe a convocatoria 2026 destas achegas, que se incrementan 600.000 euros con respecto a 2025, para financiar proxectos destinados á adquisición de bens de equipamento, nunha decidida aposta pola diversificación, ampliación e modernización do sector produtivo no medio rural
- Hoxe publícase a súa convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e poderán solicitarse desde mañá
- Beneficiaranse as pequenas empresas situadas en zonas rurais, as persoas físicas que residan nestas contornas e os titulares dunha explotación agraria, ou membros da súa unidade familiar, que desenvolvan unha actividade non agrícola na propia explotación
- Desde o ano 2016, o Goberno autonómico destinou máis de 20,6 millóns de euros para beneficiar 506 empresas, creando 450 novos empregos e consolidando preto de 3.850

O Consello da Xunta avaliou hoxe a convocatoria de 2026 das axudas da Consellería do Medio para proxectos en actividades non agrícolas, dotadas con 2,7 millóns de euros, cun incremento de 600.000 euros con respecto a 2025, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola, pola Administración xeral do Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia. Estas achegas permiten fortalecer o emprego no rural en sectores non agrícolas, diversificar e impulsar o tecido socioeconómico destas contornas para mellorar a súa competitividade, inducir a xeración de novos empregos e consolidar os existentes, así como asegurar e impulsar a dinamización económica destes territorios.

Estas achegas, que se convocan en réxime de concorrencia competitiva, financiarán proxectos destinados á adquisición de bens de equipamento inherentes á actividade empresarial que están desenvolvendo as empresas existentes, nunha decidida aposta pola ampliación e modernización do sector produtivo no medio rural. A súa convocatoria publícase hoxe no *Diario Oficial de Galicia* e poderán solicitarse desde mañá.

Beneficiaranse destas axudas as pequenas empresas situadas en zonas rurais, as persoas físicas que residan nestas contornas e os titulares dunha explotación agraria, ou membros da súa unidade familiar ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, que diversifiquen as súas actividades nos ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación. Os ámbitos de actividade subvencionables son a produción de bens e materiais, a transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, a prestación de servizos sociais ou a artesanía e actividades artesanais, entre outros.

Máis de 20,6 millóns desde 2016

Desde o 2016, o Goberno autonómico destinou ás axudas para proxectos de investimento en actividades non agrícolas no medio rural máis de 20,6 millóns de euros, dos que se beneficiaron 506 empresas, creando 450 novos empregos e consolidando

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

preto de 3.850. En canto á súa distribución por provincias, o maior número de empresas beneficiarias sitúase en zonas rurais de Pontevedra e A Coruña, con 157 e 143 proxectos respectivamente, seguidas de Lugo e Ourense, con 103 cada unha delas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA INVESTIMENTOS EN REFORESTACIÓNS PRODUTIVAS CON CONÍFERAS E FRONDOSAS TRAS A CORTA DE MADEIRA

- A finalidade desta partida, que se estrutura en tres liñas (coníferas, frondosas e chopo), é fomentar a xestión forestal sustentable mediante a restauración e renovación das masas forestais, incrementando a súa multifuncionalidade produtiva, ambiental e social
- Poden beneficiarse destas achegas as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxectos da actuación, así como as comunidades de montes veciñais en man común, as agrupacións forestais de xestión conxunta e aquelas persoas silvicultoras activas

A Consellería do Medio Rural convocará unha nova liña de axudas destinada a financiar investimentos en reforestacións produtivas de frondosas e coníferas naquelas zonas onde se realizase un aproveitamento madeireiro previo. Estas achegas contarán cun orzamento total de 8.483.000 de euros para os anos 2026 e 2027 (4.133.000 para 2026 e 4.350.000 para 2027), distribuído pola súa vez en tres liñas de achegas.

A finalidade desta partida é fomentar a xestión forestal sustentable mediante a restauración e renovación das masas forestais, incrementando a súa multifuncionalidade produtiva, ambiental e social. Con elas contribuírse a mellorar a capacidade da captura de carbono dos montes galegos e favorecer así a mitigación do cambio climático. Ao tempo, promoverase a diversificación das especies forestais.

Asemade, esta orde de axudas tamén busca potenciar a produción de madeira de calidade con valor engadido, especialmente no caso das frondosas autóctonas, e contribuír á prevención dos incendios forestais e á mellora da resiliencia dos ecosistemas forestais. Por outra banda, e dende unha perspectiva ampla que pon o foco nas positivas repercusións que terán estas axudas para o monte galego, xérase tamén actividade económica no medio rural.

Poden beneficiarse destas achegas as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxectos da actuación, así como as comunidades de montes veciñais en man común, as agrupacións forestais de xestión conxunta e aquelas persoas silvicultoras activas que estean inscritas no Rexistro de Silvicultor Activo. Prevese que a convocatoria saia publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o vindeiro xoves 29 de xaneiro.

Os terreos en que se poderán implantar estas reforestacións son aqueles -situados en Galicia- que fosen obxecto dun aproveitamento madeireiro ou terreos conveniados coa Administración forestal en que se executase o dito aproveitamento. Ademais, establécense condicións temporais específicas para garantir que as reforestacións se producen nun prazo razoable tras a corta.

Importes por hectárea en función da actuación

As accións subvencionables estrutúranse en tres liñas diferenciadas ás que se lles aplican módulos normalizados de concesión e xustificación ao abeiro da opción de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

custos simplificados. Estes módulos establecen importes fixos por hectárea en función da tipoloxía de actuación, da densidade da plantación e das especies empregadas, co fin de garantir a homoxeneidade, a transparencia e a simplificación administrativa na xestión destas axudas.

Deste xeito, a primeira liña de axudas céntrase na reforestación produtiva de coníferas para as actuacións posteriores a aproveitamentos madeireiros de coníferas, eucalipto ou especies invasoras, cun orzamento total de 6,6 millóns de euros divididos a partes iguais para os anos 2026 e 2027. As achegas económicas por hectárea para esta liña son de 3.691,67 euros para aquelas plantacións cunha densidade igual ou superior a 1.300 pés/ha; 3.383,69 euros para as que teñen unha densidade igual ou superior aos 1.000 pés/ha pero inferior aos 1.300 pés/ha, e de 3.095,71 euros para plantacións cuxa densidade sexa igual ou superior aos 850 pés/ha e inferior aos 1.000/ha. Tamén se inclúe un módulo específico para a xestión do rexenerado natural tras a corta de masas de coníferas, que é de 2.079,89 euros por hectárea naquelas plantacións cunha densidade final entre 1.000 e 1.400 pés/ha.

A segunda liña destas achegas vai dirixida á reforestación produtiva de frondosas, que ten como obxecto fomentar a implantación de masas de frondosas de alto valor produtivo e ecolóxico, cun orzamento total de 1,48 millóns de euros, dos cales 733.000 euros corresponden ao ano 2026 e 750.000 euros ao ano 2027. Así, inclúe módulos cun importe de 4.230,41 euros/ha para plantacións de frondosas cunha densidade igual ou superior a 1.000 pés/ha, 2.569,50 €/ha para as zonas cuxa densidade oscile entre os 50 e os 150 pés/ha e 3.888,12 euros por hectárea para as plantacións mixtas de frondosas e coníferas cunha densidade igual ou superior a 1.000 pés/ha, mantendo unha proporción do 60 % de frondosas e do 40 % de coníferas.

Por último, inclúese unha liña específica para a reforestación produtiva de chopo, cun módulo específico de 4.229,60 euros/ha para as plantacións de chopo cunha densidade de entre 250 e 300 pés/ha que empreguen a variedade *Populus x interamericana*. Esta liña conta cun crédito total de 400.000 euros, distribuído en 100.000 euros no ano 2026 e 300.000 euros para o ano 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SUPERA O OBOXECTIVO DE EXECUCIÓN DO FEMPA EN 2025, CON CASE 65 M€ DE GASTO CERTIFICADO

- Galicia cumpre a regra n+3 e consolida un ritmo de execución sostido do fondo europeo ata 2029
- A comunidade é a máis beneficiada deste fondo europeo en España, con máis de 366 millóns de euros asignados
- Estes recursos comunitarios permitiron financiar centos de proxectos e mobilizar xa 236 millóns de euros no sector

O Consello da Xunta deu conta hoxe do grao de execución do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) ao peche do exercicio 2025, en que Galicia acadou un nivel de execución do 105 % respecto do obxectivo fixado para este ano, cun volume de gasto certificado próximo aos 65 millóns de euros.

Este resultado permite a Galicia cumprir coa regra n+3, garantindo a correcta utilización dos fondos comunitarios dentro dos prazos establecidos pola normativa europea. Desde a aprobación dos criterios de selección deste fondo, en xuño de 2023 a Comunidade leva executados arredor de 74 millóns de euros, o que supón o 21,5 % do total asignado, nun marco financeiro que manterá a súa execución ata o ano 2029. Estes datos reflicten un ritmo de xestión sólido e sostido, en liña cos obxectivos marcados pola Comisión Europea.

O informe presentado ao Consello da Xunta pon de relevo que Galicia é a comunidade autónoma máis beneficiada polo Fempa en España, cunha asignación global que supera os 366 millóns de euros, o que representa o 32,7 % do total do fondo distribuído no conxunto do Estado. Esta elevada porcentaxe responde ao peso estratéxico do sector marítimo-pesqueiro galego e ao papel central da Comunidade na aplicación das políticas europeas en materia de pesca, marisqueo, acuicultura, transformación e comercialización de produtos do mar.

Ata o momento, este fondo comunitario permitiu financiar un amplo número de proxectos vinculados á modernización da frota, á mellora da seguridade e eficiencia dos buques, ao impulso da industria mar-industria, ao fomento de consumo de produtos do mar, ao apoio ás organizacións de produtores e a actuacións en materia de sustentabilidade, innovación e desenvolvemento local participativo. O conxunto destas actuacións supón un gasto total mobilizado que ascende xa a 236 millóns de euros, entre axudas concedidas, investimentos en execución e proxectos xa certificados, consolidando este instrumento financeiro como unha ferramenta clave para o futuro do sector en Galicia.

Unhas cifras que subliñan, para o Goberno galego, a importancia estratéxica destes recursos, que quedan diluídos na proposta do novo marco financeiro plurianual (MFP) da Unión Europea. Así, desde a Administración autonómica reitérase a necesidade de garantir a continuidade e o reforzo dun fondo específico e suficiente para pesca, na liña do actual Fempa, un instrumento esencial para dar estabilidade ao sector marítimo-

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pesqueiro, acompañar os procesos de modernización, sustentabilidade e remuda xeracional e asegurar a cohesión territorial das zonas costeiras. Galicia defenderá que o futuro MFP manteña un apoio sólido e específico á pesca e á acuicultura, acorde ao peso económico, social e ambiental que teñen no conxunto da UE.